

A OMA mergulla os escolares nos hábitats naturais mediante visitas guiadas ao campus

A gran demanda dos colexios obrigou a crear unha lista de espera para futuras edicións



M. P.-C. | Vigo

Devesas e sobreirais deixarán de ser meros nomes no libro de ciencias para os escolares que visiten a partir da semana que vén o campus, dentro dos itinerarios guiados da Oficina de Medioambiente. Os meniños poderán coñecer in situ os comportamentos de animais coma o lavanco, a anduriña, o sapo común, o escaravello..., con sorte, mesmo é posible que atopen pegadas de raposos. As visitas, con carácter gratuito, de colexios e institutos ao campus das Lagoas-Marcosende inclúen dous itinerarios para achegar os rapaces aos seus distintos hábitats. Así, o percorrido do norte abrangue sistemas como a matogueira, o bosque de ribeira e o piñeiral, mentres que o do sur transcorre entre carballeiras e sobreirais. Emporiso, a visita non só amosa a fauna e a flora características de cada lugar, senón que tamén comprende a observación dos xacementos arqueolóxicos en distintos puntos, segundo explican dúas das coordinadoras do programa, Celia Gálvez e María Galiñanes; “no primeiro roteiro imos ata as mámoas do cumio e no do sur, que parte dende a Facultade de Ciencias, visitamos os restos arqueolóxicos achados na construción do novo edificio”.

Xacementos arqueolóxicos

O xacemento do sur é considerado un dos máis antigos de Vigo. Datado na Idade do Bronce, compila muíños de man, pezas de cerámica e silos.

O paseo polas cotas inferiores das Lagoas-Marcosende penetra tamén na carballeira meridional, exemplo desta formación arbórea pero co clima máis cálido e temperado de Galicia; así como na denominada pradería de Vilariño, un caso único no campus de colaboración cos veciños da zona, como explica María Galiñanes, “seguen a traer a pastar os rabaños de vacas e ovellas. De feito, é a única forma de manter o lugar en boas condicións”.

Matogueira protexida

Entre os diferentes sistemas existentes no campus as coordinadoras das visitas salientan a matogueira, rica en breixos, “tan común en Galicia e pouco valorada pero declarada espazo protexido pola directiva Hábitats, de ámbito europeo”.

En previsión de cambios meteorolóxicos durante as visitas, a OMA dispón dun programa alternativo para o caso de que a choiva dificulte os percorridos composto por material didáctico e xogos que se desenvolverían a cuberto.

Dada a masiva resposta dos centros escolares de Vigo e bisbarra, a Oficina de Medioambiente prevé continuar coas visitas infantís o vindeiro curso, xa que moitos colexios houberon quedar en lista de espera. O itinerario para meniños é o mesmo que o destinado a estudantes e membros da comunidade universitaria por mor da súa escasa dificultade, malia que os nenos sexan trasladados en autobús dun punto de partida a outro.